

VIGO TEN SWING

*Unha aproximación
á historia do Jazz en Vigo*



Casa das Artes
Policarpo Sanz, 15

24 de xuño — 27 de xullo

De luns a venres // 18.00 — 21.00 h.

Sábados // 12:00 — 14:00 / 18:00 — 21:00 h.

Domingos e festivos // 12:00 — 14:00 h.

Imaxinasons
10

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO



VIGO TEN SWING

*Unha aproximación
á historia do Jazz en Vigo*



*Casa das Artes
Policarpo Sanz, 15*

24 de xuño — 27 de xullo 2014

CONCELLO
DE VIGO





VIGO TEN SWING

Unha aproximación á historia do Jazz en Vigo

Comisario da exposición
Aser Fernández Rei

Vigo imaxina sons desde hai unha década, mais a historia do jazz na cidade comeza nos anos 20 do século pasado. Os teatros-circos e cafés, a música das orquestras —as de aquí e as que facían as rutas transoceánicas con América—, as melodías de jazz que viaxaban polas ondas das antigas radios, os discos de lousa que soaban nos gramófonos e os bailes importados, daban conta de ritmos foráneos como o fox-trot e outros propios de Cuba e América do Norte.

Vigo, pechada sobre ela mesma, respiraba con dificultade polas branquias dos costados con escamas empinadas, esperando sempre que as correntes das mareas trouxeran cambios, controversia e jazz no aire.

Pioneiros houbo, os que se desfixeron da preguiza e foron buscar o inxustamente arrebatado pola historia. A música foi o camiño, o jazz o sendeiro, e o asociacionismo e as agrupacións o motor e a gasolina para poñer en funcionamento esa máquina vella que era España.

Vigo trouxo o *swing*, o fraseo e a improvisación que foron creando afeccionados, construíndo piares edificantes e impulsores da curiosidade dos moitos que crían nos cambios transportados pola música.

A devandita aventura musical foi a que moveu á asociación xuvenil ‘Xuventudes Musicais de Vigo’. Empeñada na loita por construír a través das artes unha nova cidadanía en democracia, cunha cultura aberta a todos e para todos, converteuse nun axente activo na organización de eventos relacionados coa música. O mesmo compromiso espertou nuns mozos das Travesas a teima por crear unha *Big Band*, e tamén impulsou unha grande ‘Onda de Vigo’ que reunía máis de 25 músicos, organizados en dous concertos, á procura das raíces urbanas a través do jazz, o blues e a experimentación.

Moitos foron os concertos, as audicións e as proxeccións que tiveron como protagonista o jazz e, sen dúbida, Vigo sentiu que algo por fin se puido consolidar. Aquelas variantes rítmicas que gabearon polas árbores de Castrelos en inesquecibles noites de jazz, deixarían un baleiro en Vigo que non sería enchido novamente ata o *Imaxina Sons*, nada menos que desde hai unha década. Esta iniciativa foi promovida polo concello de Vigo e, desde 2005, xa é selo do verán na cidade.

Houbo tempos «raros», como dixo o xornalista Emilio Garrido, nos que Vigo era *unha cidade autodidacta que camiñaba con bastón de cego polos tempos modernos*.

Actualmente celebramos que Vigo ten *swing* porque, aínda que tamén son tempos raros, recuperamos a memoria do jazz na cidade.

Dolores Miloro Costas
Documentalista da exposición

